

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA OBTENCIÓN
DE COPIAS E FOTOCOPIAS, nos seguintes termos:**

- O Pleno acorda modificar o punto IV no artigo 5º para engadir:
- No punto 1-Pola obtención de copias, por fotocopia:
 - *Tamaño DIN A-4 en color: 0,10 euros/unidade.
 - *Tamaño DIN A-3 e outros tamaños non especificados en color: 0,15 euros/unidade.
- No punto 2-Pola obtención de copia de planos da oficina técnica en color:
 - *Tamaño DIN A/4 en color: 0,10 euros/unidade
 - *Tamaño DIN A-3 en color: 0,15 euros/unidade
 - .Tamaño DIN A/2 en color: 1,20 euros/unidade
 - .Tamaño DIN A/1 en color: 1,80 euros/unidade.

2º.—O Pleno acorda modificar o punto VI no seu artigo 7º da ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por OBTENCIÓN DE COPIAS POR FOTOCOPIA, para establecer unha exención a favor das solicitudes presentadas cuíñas copias (B/N ou Color) sexan inferiores a 20 exemplares no tamaño DIN A4, e a 10 exemplares no caso de tamaño DIN A3 e outros tamaños non especificados.

3º.—O Pleno acorda modificar o punto VI no seu artigo 7º da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por OBTENCIÓN DE COPIAS DE PLANOS DA OFICINA TÉCNICA para establecer unha exención a favor das solicitudes presentadas cuíñas copias (B/N ou Color) sexan inferiores a 20 exemplares no caso de tamaño DIN A 4, a 10 exemplares no caso de tamaño DIN A3”

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHICULOS
A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO
EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADERÍAS
DE CALQUERA CLASE, nos seguintes termos:**

- “Modificación do artigo 7, apartado segundo, no sentido:
“Nos servizos de retribución periódica, percibirase a taxa o día primeiro de cada mes”

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN
DE DOCUMENTOS.**

- Suprimir a taxa contemplada no anexo da ordenanza reguladora da taxa por expedición de documentos relativa á instancia por un importe de 1,03 euros.
- Eliminar o apartado “instancias”
- Engadir un novo apartado ao art.5, apartado 2: “Establecer unha exención a favor daqueles suxeitos pasivos cuíña cuota tributaria sexa inferior a 3 euros.

Contra a presente disposición xeral os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Ponteareas, 16 de abril de 2013.—O Alcalde, Salvador González Solla.

2013003729

* * *